

## ORDENANZA REGULADORA DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE RIBADEO

### ORDENANZA REGULADORA DE SUBVENCIONS

#### ÍNDICE:

ARTIGO 1 .....	2
ARTIGO 2 .....	2
ARTIGO 3 .....	2
ARTIGO 4 .....	2
ARTIGO 5 .....	3
ARTIGO 6 .....	3
ARTIGO 7 .....	3
ARTIGO 8 .....	4
ARTIGO 9 .....	4
ARTIGO 10 .....	4
ARTIGO 11 .....	5
ARTIGO 12 .....	5
ARTIGO 13 .....	5
ARTIGO 14 .....	6
ARTIGO 15 .....	6
DISPOSICIÓN DERROGATORIA .....	8
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA .....	8
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.....	8
DISPOSICIÓN FINAL.....	8

#### **ARTIGO 1**

**Obxecto:** A presente Ordenanza, dictada ó abeiro da Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Xeral de Subvencions, ten por obxecto concretar o réxime xurídico xeneral da concesión de subvencions, así como o procedemento a seguir para a solicitude, a concesión, a xustificación e o pago das mesmas, promovidas polos diferentes Servicios Municipais do Concello de Ribadeo

#### **ARTIGO 2**

**Concepto de subvención:** Se considera subvención a disposición gratuíta de fondos públicos, en especie ou en diñeiro, que o Concello outorga a persoas e/o entidades públicas o privadas para fomentar unha actividade de utilidade pública ou interese social para a consecución dun fin público.

Deberán cumprí-los seguintes requisitos:

- Que respondan a unha finalidade concreta de utilidade pública ou interese social.
- Que as entregas se realicen sen contraprestación directa por parte dos beneficiarios
- Que exista obriga por parte do beneficiario de cumprir os requisitos que se houberen establecido e, en caso de incumprimento, de proceder ó seu reintegro.

As entregas de diñeiro que non reúnan todos os requisitos sinalados no apartado anterior terán a consideración de transferencias.

As subvencions que se concedan por outras Administracións Públicas e Entidades e sexan libradas polo Concello para poñelas a disposición dun terceiro, serán tratadas como operacións non orzamentarias e se suxeitarán a normativa do Ente que as concedeu, co tratamento contable e de control que para estes supostos ten establecido a Administración Municipal.

#### **ARTIGO 3**

**Exclusións:** Quedan excluídos do ámbito de aplicación:

- As achegas dinerarias que efectúe o Concello en favor dos concesionarios públicos para mante-lo equilibrio económico-financiero das mesmas.

- b) As subvencións impropias, que non implican desprazamento ou transmisión dineraria e que consistan en incentivos fiscais, exencións ou bonificacións, avales en operacións de crédito, créditos subvencionados ou análogos.
- c) As axudas o auxilios que se outorguen directamente para atender necesidades perentorias, coa finalidade de atender problemas de carácter social.
- d) Os trofeos de actividades deportivas doados polo Concello.

#### **ARTIGO 4**

##### **Principios xerais:**

- a) Con carácter xeneral as subvencións que se concedan, estarán presididas polos principios de publicidade, libre concorrència, obxectividade, igualdade e no discriminación.
- b) Non será necesaria publicidade previa cando as subvencións teñan asignación nominativa no Presuposto do Concello.
- c) Con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico o humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Estas subvencións terán executividade inmediata, dándose conta a a Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.
- d) Non será necesaria publicidade cando os beneficiarios sexan entidades sin ánimo de lucro e o obxecto da subvención se atope incluído en programas de interese social, previamente aprobados e establecidos polo Concello. Este tipo de subvencións, se instrumentarán con carácter xeneral a través de convenios entre o Concello e o beneficiario.

#### **ARTIGO 5**

##### **Criterios xerais de valoración.**

Serán:

- a) Interese xeneral para o municipio.
- b) Déficit de actividades análogas no municipio.
- c) Número de destinatarios os que vai dirixida.
- d) Dificultade de executarse a actividade sin a subvención.
- e) Importancia e carácter público da actividade.

#### **ARTIGO 6**

##### **Das partes intervincentes:**

- a) O Concello de Ribadeo, como suxeito outorgante da subvención.
- b) O beneficiario, como destinatario dos fondos públicos que terá que realizar a actividade que fundamentou seu outorgamento ou que se encontre na situación que lexítima a súa concesión.
- c) A entidade colaboradora ( persoas xurídicas o entidades que reúnan as condicións de solvencia e eficacia debidamente probadas), como intermediaria en determinados supostos entre o Concello e o beneficiario, para a entrega a este de fondos públicos.  
Formalizarase un convenio de colaboración entre o órgano administrativo concédente e a entidade colaboradora no que se regularán as condicións e obrigas asumidas por esta. Dito convenio deberá conter como mínimo os extremos recollidos en o art. 16 de a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.  
En cuestións non previstas nas normas reguladoras das subvencións, os convenios someteranse os principios de publicidade, concorrència e obxectividade, e terán que incluír como mínimo os seguintes aspectos:

- a) Os obxectivos que pretenden.
- b) Os compromisos asumidos por ambas partes.
- c) A composición da comisión de seguimento.
- d) O control e a fiscalización previstos.
- e) A vixencia.

As bases específicas reguladoras das subvencións, serán de aplicación subsidiaria, en todo o que non prevean os convenios subscritos.

## **ARTIGO 7**

### **Clases de subvencións.- Directas e indirectas:**

- Directas, as entregadas a unha entidade o particular sin intermediario.
- Indirectas, son as realizadas a través de persoas xurídicas ou organismos públicos a favor dun petionario en concreto.

### **Clases de subvencións directas:**

- a) Económicas, concesión dunha cantidade de diñeiro en numerario, que se concederá con carácter anual como axuda a entidade para seu programa xeneral de actividades, ou ben con carácter puntual para a realización dunha actividade concreta. A subvención puntual con carácter extraordinario se outorgará sempre a instancia de parte e terá que estar xustificado documentalmentemente en relación á causa.
- b) Becas e premios en metálico.
- c) Axudas en especie e traballos persoais: Alimentos (sempre que estes non sexan de carácter social, emerxencia social), libros, trofeos, asesoramento, cesión de equipamentos, material e infraestruturas, así como as xestións efectuadas polos servizos municipais a favor do beneficiario. O custo de estas achegas non monetarias poderá ser susceptible do cálculo a efectos da súa cuantificación interna por parte do servizo.

## **ARTIGO 8**

### **Órganos competentes para a concesión de subvencións:**

- a) O Alcalde.
- b) E por delegación, a Xunta de Goberno Local.

A aprobación de bases e concesión de subvencións destinadas a financiar gastos de carácter anual corresponderá ó Alcalde. Se dará conta o Concello Pleno das subvencións de carácter plurianual.

## **ARTIGO 9**

### **Réxime Xurídico.**

- a) As subvencións terán carácter voluntario e eventual, son libremente revogábeis e reducibles en todo momento, non xeran dereito a obtención de outras subvencións en anos posteriores e non se poderán alegar como precedente.
- b) Están afectadas ó cumprimento da finalidade de interese xeneral a que se condiciona seu outorgamento, e teñen carácter non devolutivo, sin prexuízo do reintegro inherente ó incumprimento das condicións e cargas impostas no acto de concesión.
- c) En ningún caso poderán responder a criterios de mera liberalidade, baixo sanción de nulidade.
- d) A concesión se efectuará de acordo os criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade, garantindo a transparencia das actuacións administrativas.
- e) En caso de concesión directa, o Concello dará a as bases específicas a adecuada publicidade para poñelo en coñecemento de todos os interesados.
- f) Contía: O importe non excederá dos que se dispoña nas bases específicas correspondentes os diversos tipos de subvencións. Si as bases non especifican nada, se entenderá que o límite é o do 50% do custo da actividade a que se aplique. En calquera caso, o importe das subvencións non poderá ser mais que,- en concorrencia con outras subvencións ou axudas de outras administracións ou entes públicos ou privados- o custo da actividade. Non obstante de forma motivada e cando o Concello sexa o patrocinador da actividade, se poderá superar o porcentaxe do 50%.

## **ARTIGO 10**

### **Procedemento de concesión:**

Salvo nos supostos de subvencións nominativas, con carácter previo a concesión de subvencións aprobaranse as correspondentes bases das mesmas, que terán como mínimo as seguintes determinacións.

- a) Determinación do obxecto da subvención.
- b) Requisitos dos beneficiarios.
- c) Prazo de presentación das solicitudes.
- d) Documentación a presentar.

- e) Prazo e forma de xustificación.
- f) Posibilidade de fraccionamento e anticipo do pago.
- g) Medidas de garantía para os intereses do Concello nos supostos de anticipo do pago ou abonos a conta.
- h) Crédito orzamentario o que se imputan as subvencións a conceder.
- i) Forma de conceder a subvención e criterios que rexerán para o seu outorgamento.
- j) A composición do órgano colexiado cando a concesión haxa de realizarse por concurso.
- k) Compromiso do beneficiario de prestar a información que lle fose solicitada.

A convocatoria coas bases en extracto serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e en cada expediente tramitado o efecto deberá incluírse un informe xurídico acerca das normas reguladoras.

En calquera caso o Concello quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra, derivada de as actuacións a que queden obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

#### **ARTIGO 11**

##### **Peticionarios:**

Entidades e asociacións sin finalidade de lucro, domiciliadas en Ribadeo legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Persoas físicas o colectivos, para iniciativas temporais de interese cidadán, sin ánimo de lucro.

Excepcionalmente cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico o humanitario, se poderá conceder unha subvención a entidades foráneas, ou non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. A fundamentación de dito interese se acreditará mediante a achega dunha memoria o efecto.

#### **ARTIGO 12**

##### **Beneficiarios:**

Destinatario da subvención, que terá que realizar a actividade que fundamente o outorgamento, ou que está na situación que lexitima a subvención.

Obrigas do beneficiario:

- a) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos e condicións da concesión.
- b) Prestar declaración, no seu caso, acerca das subvencións obtidas para a mesma finalidade, procedentes de outros organismos ou administracións.
- c) Acreditar que se está o corrente das súas obrigas fiscais con as Facendas Estatal, Autonómica e Local, o que se xustificará mediante certificación ou informe expedido polo servizo competente.

#### **ARTIGO 13**

##### **Pago**

- a) Con carácter xeneral, o pago se efectuará previo cumprimento da actividade para a que se concedeu.
- b) Non obstante o anterior, se poderá establecer a entrega de anticipos ou abonos a conta, determinándose os requisitos, límites e garantías que procedan.
- c) O pago se fará sempre a favor do beneficiario.

#### **ARTIGO 14**

##### **Control e anulación de subvencións:**

Corresponde a a Intervención Xeneral do Concello a función interventora nas subvencións que se concedan, mediante as actuacións e comprobacións que sexan necesarias en función das características e requisitos específicos para cada tipo de subvención.

Procederá a anulación da subvención concedida nos supostos de renuncia do beneficiario ou, previa tramitación do expediente, nos casos de incumprimento por parte do mesmo das obrigas asumidas ou que se lle houbesen imposto, sen prexuízo de que pola Administración

Municipal poida ser revisado o acto de concesión na forma e co procedemento legalmente establecido.

**Reintegro:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora desde o momento do pago da subvención, na contía legalmente establecida e previa tramitación de expediente, nos supostos do punto anterior e nos seguintes:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación no prazo que se establece, sempre que non se atenda o requirimento que necesariamente deberá efectuar a Administración Municipal.
- b) Obtención da subvención sin reunir os requisitos establecidos.
- c) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi outorgada.
- d) Incumprimento das condicións impostas as entidades colaboradoras e beneficiarios con motivo da concesión da subvención.
- e) Negativa por parte do beneficiario as actuacións de control establecidas por parte do Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Os reintegros terán a categoría de ingresos de dereito público e, por tanto se procederá o seu cobro pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbese lugar.

**ARTIGO 15**

**Procedementos:**

1.- O órgano ou servico competente por razón da materia confeccionará e tramitará as bases específicas para a concesión de subvencións, e se preverá a consignación de partidas orzamentarias para atender as actividades subvencionabeis.

Será nulo o acto de concesión, sí se dictou sin a correspondente cobertura orzamentaria.

2.- Se dará publicidade a apertura do período de presentación de solicitudes de subvencións para o programa anual, mediante anuncios no taboleiro de edictos .

3.- Documentación.

A a solicitude se acompañará de :

- a) Instancia subscrita polo interesado, en caso de persoas físicas, ou polo presidente da asociación ou por quen teña conferida a representación, na cal se indicará o servico o que se dirixe a solicitude, o número correspondente a súa inscrición no Rexistro Municipal e o NIF, dirixida o Alcalde-Presidente
- b) Programa detallado e presuposto total desglosado da actividade a realizar. En caso de que a entidade solicite subvención por primeira vez, deberá acompañar a memoria de actividades, ou presuposto cerrado do exercicio anterior.
- c) Un exemplar dos Estatutos.
- d) Documento acreditativo da existencia de solicitudes de subvención doutras entidades públicas o privadas.
- e) Declaración xurada ou responsable de estar o corrente coas obrigas para coa Facenda Municipal.
- f) Modelo de domiciliación de pago firmado polo solicitante e conformado pola entidade bancaria.
- g) Outra información que se requira.
- h) As solicitudes con carácter excepcional deberán presentarse con un mínimo dun mes de antelación a data prevista para a realización da actividade.
- i) Sí a documentación fose incorrecta ou incompleta se reclamará o solicitante o complemento ou a rectificación necesaria no termo de 15 días hábiles, coa advertencia de que a non presentación da mesma, se entenderá como un desistimiento e implicará o rexeitamento de a subvención.

4.- Procedemento de concesión.

4.1.- Petición de cuantos informes se estime necesario para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención. Na petición se fará constar, no seu caso, o carácter determinante de aqueles informes que sexan preceptivos. O prazo para a súa emisión será de 10 días salvo que o órgano instructor, atendendo as características do informe solicitado requira a súa emisión nun prazo menor ou maior, sin que neste último caso poida exceder de dous meses.

4.2.- Proposta e resolución. O informe e a documentación serán elevados o responsable do servico e/ou Concelleiro Delegado que será o órgano encargado de formular a proposta de

outorgamento ou denegación, con indicación de a contía e a partida orzamentaria que financiará a subvención.

Será preceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible suficiente e adecuado así como o de fiscalización previa do gasto.

As decisións sobre outorgamento ou denegación da subvención corresponden a Alcaldía ou órgano no que teña delegada a competencia.

4.3.- Notificación: O acordo definitivo que outorga ou denega a subvención será notificado os peticionarios. En caso de concesión, a subvención e as condicións fixadas para a súa aplicación, así como a presente normativa, serán obrigatorias para o beneficiario.

5.- Becas e premios: Faranse mediante concurso, a través da redacción e aprobación dunhas bases específicas, que incluírán un baremo de puntuación e designarán unha comisión que efectuará a correspondente avaliación e proposta de adxudicación.

6.- Pago: Para poder expedir a orden de pago e imprescindible, que o servizo xestor acredite o Servizo de Intervención que se cumpriron as condicións esixidas no acordo de concesión.

7.- Xustificación: Para recibir as subvencións acordadas, o beneficiario deberá xustificar a aplicación a finalidade, para a cal foi concedida, mediante a presentación no prazo establecido da seguinte documentación:

a) Memoria detallada da actividade realizada.

b) Liquidación económica da actividade, xunto con facturas e comprobantes de pago.

c) Un exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica

relativa a actividade subvencionada, que conteña o escudo e mención da subvención municipal.

As facturas e recibos de pago, deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.

b) O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

c) Ter referencia de gastos xerados pola actividade obxecto da subvención.

d) Deberán expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.

e) Cumprir cos requisitos técnicos esixidos polas leis e regulamentos que regulen as características da factura e seu contido. Numeración da empresa que emite a factura, nome ou

denominación social, datos do expendedor e do destinatario. NIF, descrición da operación e contraprestación total. Cando a operación esté suxeita e non exenta do IVE, deberán consignarse na

factura todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva, así como o tipo tributario e a cota tributaria repercutida.

Cando a cota do IVE se repercute dentro do prezo, se indicará o tipo tributario aplicado, ou ben a expresión "IVE incluído". Día da emisión.etc.

f) Tickets de caixa rexistradora e nos que consten, o menos os seguintes datos:

a) Número

b) Número de identificación fiscal do expendedor

c) Tipo impositivo aplicado ou a expresión "IVE incluído"

d) Contraprestación total.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan á presente Ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

A presente Ordenanza, unha vez efectuada a adaptación regulamentaria a que se refire a Disposición Adicional Decimocuarta da Lei 38/2003, será obxecto da correspondente modificación si elo fose necesario, dentro dos tres meses seguintes a entrada en vigor da indicada adaptación regulamentaria.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

A Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións aplicarase supletoriamente ó disposto na presente Ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento facendo constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 18 de maio de 2005  
O ALCALDE,

Asdo. BALBINO E. PÉREZ VACAS.